

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019402	IES Pazo da Mercé	As Neves	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	5
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	11
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Na ESO:

Organizada en 4 cursos, contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

No Bacharelato:

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver función sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

O referente de partida para definir as competencias clave recollidas no perfil de saída foi a Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. A ancoraxe do perfil de saída á Recomendación do Consello reforza o compromiso do sistema educativo galego co obxectivo de adoptar unhas referencias comúns que fortalezan a cohesión entre os sistemas educativos da Unión Europea e faciliten que a súa cidadanía, se así o considera, poida estudar e traballar ao longo da súa vida tanto no seu propio país como noutros países da súa contorna. Tamén temos mencionar Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maíos, de Educación (LOE) modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE), pois nela faise referencia a aprendizaxe competencial a través de metodoloxías activas e participativas.

A vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

- Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.
- Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.
- Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.
- Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.
- Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica. Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.
- Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.
- Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.
- Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
- Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

Tendo en conta a diversidade presente nas aulas, poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións. Aspectos sustentados nos principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) e da educación inclusiva, posto que perseguimos a eliminación de barreiras que limiten o acceso, presenza, participación e aprendizaxe da comunidade educativa, en consonancia LOE modificada pola LOMLOE e o Index for Inclusión de Booth e Ainscow.

A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Para a adquisición das competencias e o logro dos obxectivos definidos nos puntos anteriores haberá que tomar unha serie de puntos de partida que terán en conta: a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas, e por outro lado, tomando medidas non curriculares relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción titorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc.

Para acadar o perfil competencial é preciso que a metodoloxía empregada por cada docente sexa adaptada á realidade presente na aula. Así, partindo da liberdade de cátedra individual, promoveranse principios metodolóxicos ou metodoloxías en consonancia co DUA. Favorecerase a aprendizaxe práctica dos contidos, proporcionarase a información con múltiples medios de representación e soportes variados, así como diferentes posibilidades para expresar o que saben. Falamos así de actividades multinivel, titoría entre iguais, diferentes tipos de agrupamentos, gamificación, criterios de lectura sinxela, apoios visuais (visual thinking).... Seguindo esta concepción, tamén implicaremos ao alumnado activamente no seu proceso de ensino-aprendizaxe a través de programas de HH.SS. e de convivencia, mantendo así a motivación e a saúde mental.

Ademais, terase en consideración o fomento do uso das novas tecnoloxías, promovendo o uso da aula virtual e a procura de información na rede, como instrumento de formación no manexo das novas tecnoloxías de xeito autónomo.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O criterio fundamental para a selección de materiais e recursos didácticos é que estes serán variados e en concordancia coa idade e nivel do alumnado correspondente.

Entre os materiais haberá tanto os de soporte papel de uso individual: libros de texto, fotocopias, cadernos, libros de lectura, etc. Como tamén, os de soporte dixital, de uso individual (Edixgal, Aula Virtual, ordenadores, etc), ou colectivo (canón de proxección, pizarra dixital), así como a adaptación dos mesmos

En cada aula o alumnado disporá de, polo menos, un canón e un ordenador con conexión a internet; asemade, na biblioteca poderanse consultar as fontes bibliográficas existentes no catálogo de libros, como tamén manexar ordenadores para procura e/ou consulta de información.

Dende o departamento de Orientación fomentaranse metodoloxías áxiles e cooperativas (flipped classroom ou aula invertida, aprendizaxe servizo, aprendizaxe baseado en problemas, rutinas de pensamento, estacións de aprendizaxe,...) que incidan positivamente no perfil competencial do alumnado. Así mesmo, formarase ao profesorado no seu uso e aplicación na aula.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do centro será a seguinte:

- ESO: de 1º a 4º, con grupo de PMAR en 2º curso.
- Bacharelato: oferta de 2 modalidades: Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos Formativos: Ofertaranse ciclos da familia de informática: ciclo básico de Informática de oficina, grao medio de Sistemas microinformáticos e redes e ciclo superior de Desenvolvemento de aplicacións web.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias son aquelas que se desenvolven dentro do horario lectivo. Polo tanto son de asistencia obrigatoria para o alumnado, sempre e cando non supoñan ningún custo adicional para eles. A súa organización rexerese polo principio de distribución equilibrada ao longo do curso para cada curso e/ou nivel educativo, de tal xeito que non se sobrecargue un trimestre ou curso/nivel respecto aos demais e a atención á diversidade funcional e afectivo-sexual do alumnado.

Cada departamento, baixo a coordinación de vicedirección, informará da planificación ao comezo de curso do programa de actividades complementarias a desenvolver. Estas actividades estarán relacionadas co currículo do curso/nivel ao que vaian dirixidas, polo tanto adecuaranse ao recollido nas respectivas programacións didácticas. Para favorecer o desenvolvemento das actividades promoverase a súa interdisciplinaridade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Para o alumnado que teña pendente de superar unha materia, ou materias, de cursos anteriores, cubrirase a comezos de curso unha ficha dando resposta aos seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno:

- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar que lle corresponden.
- c) Currículo para desenvolver no programa de reforzo, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O profesorado seguirá o recollido no informe de avaliación final, así como no informe de medidas de reforzo, se estas tivesen lugar, para ter unha referencia informativa que lle sirva de base á hora de planificar as actividades, traballos, medidas de reforzo e todos aqueles aspectos que deban ser tidos en conta á hora de facer a programación de aula. Cubrirase a comezos de curso unha ficha dando resposta aos seguintes apartados de cada materia con avaliación negativa do curso anterior:

- a) Identificación da alumna ou do alumno:
- b) Información relevante sobre a materia.
- c) Necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
- d) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- e) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no desenvolvemento do curso actual.
- f) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- g) Acreditación da información á familia.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Condições de promoción de curso na ESO:

1. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase todas as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

2. Acadará tamén a promoción dun curso a outro na sesión de avaliación final o alumnado que cumpra todas as seguintes condicións:

- A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

- Teranse en conta a consecución dos obxectivos e os contidos acadados.

- De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Condições de titulación na ESO:

1. Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

2. Obterá tamén o título de graduado en educación secundaria obrigatoria na sesión de avaliación final o alumnado, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

- De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Por último, engadir que coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado obxecto de Adaptacións Curriculares promocionará e titulará atendendo aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos na mesma.

Condições de promoción de curso en Bacharelato:

1. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

2. Só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

3. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

4. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

Condições de titulación en Bacharelato:

1. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2. Obterá tamén o título de bacharel unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

- Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia suspensa (considerase inasistencia continuada superar o 10% das horas)

- Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Matrícula de honra na ESO:

- As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención podería concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.
- En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, podería concederse unha mención de matrícula de honra.

Desempate matrículas de honra ESO:

- No caso de que haxa dúas persoas que teñan a mesma media en 4º da ESO, terase en conta a nota media en toda a ESO. (aprobado en CCP o 06/10/22)
- En caso de persistir empate, faríase o desempate tendo en conta as notas reais con decimais (non XADE) das distintas materias.
- En caso de persistir o empate, votación do equipo docente.

Matrícula de honra no Bacharelato:

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos podería recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención podería concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, podería concederse unha distinción de matrícula de honra.

Desempate matrículas de Bacharelato:

- No caso de que haxa dúas persoas que teñan a mesma media, faríase o desempate tendo en conta as notas reais con decimais (non XADE) das distintas materias.
- En caso de persistir o empate, media das notas XADE de 1º e 2º de Bacharelato.
- En caso de persistir o empate, votación do equipo docente.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos. As programacións didácticas incluírán como mínimo os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da materia ou ámbito, segundo o caso, e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversalidade.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro, a través da dirección, promoverá a participación, tanto do alumnado como do profesorado, en aqueles proxectos, plans e programas que se consideren de interese para a formación dos membros da comunidade educativa.

Así, ao respecto da formación en linguas estranxeiras, o centro ten recoñecido ser centro examinador de Trinity College, para as probas de certificación de nivel de inglés. Promoverase, sempre que a Consellería conceda a axuda, a participación do alumnado de 4º ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, nesas probas.

Durante este curso para o desenvolvemento integral do alumnado o centro participa en dous Contratos-Programa: CP Incluído (aplicado a mellora da convivencia e a inclusión), CP Innova Excelencia (Participación no programa de Escolas Unesco). Ademais, desenvolverase o Plan Proxecta + de Vida Activa e Deportiva e o Plan Proxecta + Consumópolis.

O alumnado de FP básica e Ciclo Medio terá a posibilidade de participar no programa Erasmus+, para realizar as prácticas de formación en empresas noutros países da Unión Europea. O alumnado de Ciclo Superior terá a posibilidade de solicitar a FCT en réxime de FP Dual de Tipo II.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Esta concreción curricular será revisada e avaliada ao finalizar o curso por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que procederá logo a trasladar ao claustro aquelas medidas de mellora ou modificacións para que este proceda á súa aprobación.

A comezos de curso será sometida a votación en claustro e posta logo en coñecemento do Consello Escolar, así como tamén, a través da páxina web do centro, para que poida consultalo o alumnado e as familias.